

EXPEDIENTE:	2022/00015603V
PROCEDIMENTO:	Procesos de selección de persoal

Rematado o prazo de dez días hábiles concedido na resolución nº 2022/3499 publicada o 30 de marzo, a efectos de subsanación de erros, e de conformidade coa base sexta das bases específicas da convocatoria (BOP nº 78 de 28 de abril de 2021) para a provisión en propiedade, **polo sistema selectivo de concurso- oposición**, de catro prazas de técnico/a, pertencentes á escala de Administración Xeral, subgrupo A1, correspondentes á oferta de emprego do ano 2020.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellarías delegadas e o acordo da Xunta de Goberno local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias, RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva, por non se ter formulado alegacións, a lista provisional de admitidos e excluídos e confirmar a composición do tribunal.

SEGUNDO: Confirmar a data do **primeiro exercicio** da oposición que terá lugar o **día 28 de abril**, no salón de Plenos no Pazo Raxoi ás 17:00 horas.